

EN GALEGO SER COMPLEXO

Xaime Iglesias González

A miña vida desenvólvese en galego. Cando vou ó médico, a tomar un café ou a cortar o pelo, falo galego. Se teño que acudir á botica, á óptica, á zapatería, ó bazar ou á librería non deixo de empregar a lingua propia de Galicia. Tampouco renuncio á nosa lingua no banco, nin en calquera oficina da administración pública, sexa esta municipal, autonómica ou estatal. En fin, sempre formulo as miñas demandas en galego e en galego busco remedio ós meus problemas e en todas as ocasións obteño respostas e solucións, aínda que, obviamente, non sempre son as por min desexadas.

Esta dinámica permítenme afirmar que o galego é útil para quen o fala, que é válido para comunicármolos en calquera situación que nos poidamos atopar. Claro que alguén pode estar a pensar que o galego só serve para desenvolvérmolos en Galicia. E leva razón, porque precisamente é do que se trata, de falarmos galego na nosa terra, pois, como dicía un alumno meu, coa contundente lóxica dun neno de non máis de doce anos, “se vas a París, o mellor é que fales francés; se estás en Berlín, entenderaste mellor en alemán; se visitas Moscú, precisarás coñecer o ruso; se te atopas en Londres debes empregar o inglés para te comunicar cos ingleses. E neses lugares, coma noutros moitos, de pouco che vai servir o castelán”.

As atinadas palabras do meu alumno non significan que teñamos que ignorar o castelán. Antes ó contrario, debemos aprender castelán, inglés e, se podemos, francés, italiano, alemán, chinés, árabe... Cantas máis linguas dominemos, máis facilidade teremos para acceder a outras culturas e ampliaremos a nosa capacidade de comunicación. Pero, por coñecermos outros idiomas e por usalos cando os precisemos, non debemos deixar de facer vida no noso, aínda que iso poida causar estranxeza e estar mal visto por algunhas persoas e nalgúns ambientes concretos.

EN GALEGO, POR QUE NON?


CONTRA OS PREXUIZOS E AS SIMPLIFICACIONS
SOBRE A LINGUA GALEGA

Manuel Núñez Singala



Por falar en galego, téñenme dito que son galeguista -son galego e iso basta- e en ocasións, o ton dalgúns interlocutores semellaba querer dicirme “eres un ridículo galleguista”, “un izquierdista peligroso” ou cousas semellantes. Unha vez, nunha tenda de calzado, comezaron dicíndome que falaba moi ben o galego, cousa dubidosa, para remataren afirmando que moita xente (por non dicir toda) que fala galego non deixa de ser “snob y pedante”. Porén, outros afirman que o galego é a lingua dos incultos e dos paifocos. Tanto as primeiras como as segundas afirmacións son claros prexuízos lingüísticos -falacias e mentiras que se presentan como verdades- que, repetidas sen cesar, penetran sutilmente na sociedade e que só se explican polo interese de atacar o galego, pola ignorancia de quen as di ou por ambas cousas. Pero, en calquera caso, pretenden marcar negativamente as persoas galegofalantes para que lles resulte incómodo utilizar a lingua galega e, daquela, rematen abandonándoa.

E contra disto temos que estar alerta. O galego é de todos os galegos e galegas -tamén dos que veñen de fóra e se acheguen a el-, dos cultos e dos ignorantes, dos rurais e dos urbanos,



dos de esquerdas e dos de dereitas, dos crentes e dos ateos. Unha persoa non se pode cualificar de *snob* e *pedante*, nin de *pailana* e *rústica* por falar en galego. Se iso fose certo, en Castela non habería *presumidos*, *sabidillos*, *paletos* nin *aldeáns*, e resulta que os hai coma en calquera outro lugar, malia falaren castelán.

Non hai moito, un veciño dicíame que “o galego si, é o noso e temos que defendelo, pero ó pasar O Padornelo xa non serve para nada, mentres que o castelán é máis universal”. Veume ó pelo o citado razoamento do meu alumno, aínda que hai que recoñecer que o castelán ten unha proxección internacional que nos pode poñer en contacto con 400 millóns de hispanofalantes. Por iso, é interesante coñecelo. Pero temos que lembrar que unha lingua non se mide pola proxección internacional nin polo número de falantes, senón pola utilidade para a comunidade correspondente. Así, o chinés, o bengalí, o hindí ou o árabe, malia a seren falados por moitos de millóns de persoas, non teñen gran proxección internacional e, a pesar diso, os chineses, os bengalís, os hindús ou os árabes fan vida normal nesas linguas sen ningún tipo de vergoña nin de complexo, porque para eles é a súa lingua e éles útil. O mesmo lles sucede ós falantes do lituano, do islandés, do macedonio ou do maltés que utilizan as súas respectivas linguas acotío con naturalidade, aínda que teñen menos falantes có galego, co que, dito sexa de paso, podemos abrir comunicación cuns 250 millóns de falantes de portugués estendidos por varios continentes.


Se cadra, unha das mentiras máis absurdas contra o galego é aquela que asegura que a nosa lingua é fea e ordinaria polo que non paga a pena aprendela nin usala. Nada máis irracional. As linguas tampouco se valoran por bonitas ou feas o mesmo que non é admisible afirmar que unha lingua é máis poética, outra máis científica ou máis capaz aqueloutra. Todas elas son válidas en tanto serven para comunicarse nos respectivos países, tal como afirma a UNESCO: “Non hai nada na estrutura de calquera idioma que lle impida converterse en vehículo de civilización moderna”. Os termos elegante/ordinario, fermoso/feo poden aplicarse ó xeito de falar de persoas concretas, pero nunca ás linguas. Porque en todas elas -tamén no castelán e no galego- atopamos falantes de distintos rexistros (vulgar, coloquial, elaborado, culto, urbano...) en función da formación, profesión, idade, localidade, etc. de cada un deles, mentres que as linguas en si son, nin máis nin menos, instrumentos de comunicación.

Dende hai séculos, o galego vén sendo vítima de falsidades e ofensas que se intensifican sutilmente nos últimos tempos en nome da liberdade, da igualdade e da democracia*. As persoas que as promoven forman parte de oligarquías ben situadas economicamente e teñen ó seu alcance os medios necesarios para influír na sociedade, conseguindo que as súas mentiras cheguen a ser aceptadas como verdades por certos sectores populares, e ás veces non tan populares, da sociedade. O seu obxectivo é facer desaparecer toda singularidade galega ou reducila a simple folclorismo. Nesta liña traballan certos empresarios que lles prohiben falar galego ós seus empregados, algúns medios de comunicación que

traducen ó castelán incluso as manifestacións feitas en lingua galega, determinados mestres e profesores que ensinan en castelán materias que teñen como lingua vehicular o galego, casos de médicos que lles piden ós pacientes que lles falen en castelán, funcionarios locais e autonómicos, non poucos, que empregan o castelán aínda que o cidadán se exprese en galego, notarios reticentes a redactar documentos na lingua propia de Galicia, xuíces que rexeitan a nosa lingua das súas sentenzas e outros casos diversos. Pero, a pesar de todo e do abandono institucional dos últimos anos disfrazado de trilingüismo, o galego resiste porque aínda hai moitos galegos teimudos, fieis á terra e á lingua, que procuran non caer nas trampas que nos poñen nin se deixan levar por actitudes antigalegas.

Nos últimos anos, o galego vén gañando prestixio, pero este non se traduce nun incremento cuantitativo de falantes (aínda que hai un incremento cualitativo), polo que lle queda unha longa andadura para chegar a ser unha lingua normalizada. Con todos os atrancos, algúns dos datos elaborados polo sociolingüista Núñez Singala que dirixe o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago, permítenos albergar certa confianza no futuro. Vexámoslos e despois saquemos conclusións.

- A lingua galega figura no posto 136 polo número de falantes.
- Se atendemos ó número de libros traducidos a outras linguas, o galego sitúase no lugar 49.
- Google, un dos máis importantes buscadores de internet, só está dispoñible en 118 linguas, entre elas a galega.
- Dentro das 95 linguas a que está traducido o sistema operativo Windows, atópase a lingua galega.
- Unha das 70 linguas de facebook é o galego.
- O galego ocupa o posto número 37 polo número de páxinas presentes en internet.



Se temos en conta que no mundo fálense unhas 5.000 linguas, semella que a nosa non está tan mal situada como pode parecer a simple vista. O galego é a lingua de todos, ten utilidade, ábrenos a porta ó extenso mundo lusófono e, ademais, está incorporado, en certa medida, ós medios tecnolóxicos da información e da comunicación. Isto permítenos manter unha esperanza de futuro para a nosa lingua. Que sexa así depende de todos nós: empregándoa alí onde nos atopemos, falándolla ós nosos fillos e netos, solicitando para eles o ensino en galego nos colexios e institutos, mercando preferentemente produtos etiquetados en galego, pedindo que a rotulación de lápidas e a redacción de necrolóxicas nosas e dos nosos parentes se faga en galego e un longo etcétera que cada quen saberá buscar. E todo iso e máis, sen complexo.

* A este fin pódese consultar o libro "55 mentiras sobre a lingua galega". Edicións Laiovento. 2009.